

ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN DOWN GALICIA E A ASOCIACIÓN DE CENTROS DE DÍA DE GALICIA

En Santiago de Compostela a 20 de diciembre de 2021

REUNIDOS

Dunha banda D. Delmiro Prieto González, con D.N.I núm. 71.497.418-D, como Presidente da Federación Down Galicia con CIF G-15665144 e domicilio en R/ Alejandro Novo González, nº1, Santiago de Compostela.


Doutra banda, Dna. Ángeles Álvarez Pereira, con DNI núm. 36103668Q, como Presidenta da con CIF G02694834 e domicilio en. Avda de castrelos 139 bajo Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para asinar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Federación Down Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, que agrupa ás entidades específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a súa misión a de coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade da vida de cada persoa coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual e das súas familias, a través da inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

Que a Federación Down Galicia para a consecución dos seus obxectivos, así como no marco da presente colaboración, contará co apoio e traballo coordinado coas súas entidades membros:

RAZÓN SOCIAL ENTIDAD MIEMBRO	C.I.F. ENTIDAD
DOWN VIGO: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN	G-36.697.324
DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS" ASOC SÍNDROME DE DOWN	G-36.164.887
ASOC. SÍNDROME DE DOWN "TEIMA" DE FERROL	G-15.458.060
FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA	G-70.040.258
DOWN CORUÑA: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN	G-15.731.466



Avd Castrelos 139 Bajo

36210 Vigo
CIF G02694834

RAZÓN SOCIAL ENTIDAD MIEMBRO	C.I.F. ENTIDAD
ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO-DOWN LUGO	G-27.202.043
DOWN OURENSE	G-32.311.870

SEGUNDO: A misión da ASOCIACIÓN DE CENTROS DE DÍA DE GALICIA é representar aos centros de día de Galicia, velar polos seus dereitos, formalos e orientalos nas obrigas normativas, ademáis de promocionar a participación activa colaborando con programas de prevención da saúde, a estimulación, coidados e socialización das persoas maiores.

TERCEIRO.- Que ambas entidades comparten que as persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual constitúen un grupo social importante dentro do colectivo das persoas maiores, polo que resulta de interese por ambas partes establecer un acordo marco de colaboración en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Finalidade do acordo

O obxecto do presente Acordo Marco é o establecemento das bases polas que se rexerá a colaboración entre a Federación Down Galicia e a Asociación de Centros de Día de Galicia para a posta en marcha e desenvolvemento de medidas de avance no proceso de envellecemento activo e saudable das persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, así como promover a súa correcta atención sociosanitaria..

A este acordo marco considéranse sumadas as entidades membro tanto da Federación Down Galicia como da Asociación de Centros de día de Galicia para a consecución dos fins perseguidos.


SEGUNDA: Persoas destinatarias

As persoas destinatarias das medidas previstas neste acordo serán as persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual en proceso de envellecemento ou próximas a este, as propias familias ou representantes legais, así coma os e as profesionais de servizos (sanitarios, residenciais, de emprego, de formación...) implicados na súa atención.

TERCEIRA: Propostas xerais de colaboración

Ambas entidades se comprometen a participar e colaborar activamente nas actividades e proxectos que se acorde establecer e que irán encamiñados, en termos xerais, a:

1. Intercambio de información sobre o perfil e as necesidades do colectivo de persoas con discapacidade intelectual en etapa de envellecemento.
2. Asesoramento e traballo compartido no deseño e posta en marcha de programas de envellecemento activo e saudable, tanto específicos para persoas con discapacidade intelectual, coma normalizados para o conxunto de poboación de persoas maiores dos que os destinatarios e destinatarias deste acordo se poidan beneficiar.
3. Busca de fórmulas para mellorar o proceso de envellecemento dos colectivos, a través de recursos, estratexias e metodoloxías de intervención axeitados e adaptados.



Avd Castrelos 139 Bajo
36210 Vigo
CIF: 602694834

4. Promoción de accións que contribúan a unha maior visibilización, participación e inclusión das persoas maiores con discapacidade intelectual en programas e servizos da comunidade.
5. Colaboración nas actividades/xornadas de formación, sensibilización e información que se poñan en marcha dende algunha das partes implicadas neste acordo, facilitando a participación das persoas profesionais especialistas de ámbalas dúas entidades e das súas respectivas entidades membros que formen parte do presente acordo marco, de cara a promover as súas actividades, servizos, visión e filosofía.
6. Promoción da posta en marcha de cantas actividades de investigación e innovación se consideren oportunas a fin de coñecer mellor a situación actual e a evolución das persoas con discapacidade intelectual que envellecen.
7. Promoción da elaboración, publicación e difusión de materiais (de sensibilización, difusión, manuais de boas prácticas, recomendacións...) que se consideren axeitados para algún dos grupos destinatarios deste acordo (persoas con discapacidade, familias, profesionais sanitarios, profesionais de servizos...).

CUARTA: Protección de datos e confidencialidade

As partes asinantes arbitrarán todas as medidas que sexan precisas para a debida custodia dos datos aos que teñan acceso e á confidencialidade no seu uso, nos termos que establece a normativa de aplicación vixente sobre a Protección de Datos de Carácter Persoal.

QUINTA: Seguimento e avaliación do acordo

Co obxecto de optimizar e valorar os resultados do presente acordo, constituirase unha comisión de seguimento, composta por dous representantes da Federación Down Galicia e dous de ACDgal, Asociación de Centros de día de Galicia. Esta comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez ao ano.

SEXTO.- Vixencia

O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá un período de vixencia indefinido, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cun aviso previo de 30 días de antelación.

O acordo obriga ao cumprimento do expresamente pactado, e as partes sométense ao acordado en todas as estipulacións. Como proba de conformidade, as partes asinan por triplicado o presente Acordo no lugar e datas indicados ao inicio do mesmo.



Avd Castrelos 139 Bata
36210 Vigo
CIF. G02694834

Asdo: Dña. Ángeles Álvarez Pereira

Presidenta da Asociación de Centros de día
de Galicia



Asdo: D. Delmiro Prieto González

Presidente da Federación Down Galicia